Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

Dª MARIA JOSE RODRIGUEZ DE LA TORRE, Secretaria Accidental do Ilmo. Concello de Cambados, (Pontevedra).
CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o catro de xaneiro do dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

APROBACIÓN DAS BASES PARA O CONCURSO DE COMPOSICIÓN DA MÚSICA OFICIAL PARA "CAMBADOS CIDADE EUROPEA DO VIÑO, 2017":

Visto o contido da proposta do Concelleiro de Etnoturismo, don José Ramón Abal Varela, de data 3 de xaneiro do 2017, para a aprobación das bases para o concurso de composición da música oficial para "Cambados Cidade Europea do Viño, 2017".
Visto o informe emitido pola interventora municipal, dona Elisa Marqués Parrilla, de data 3 de xaneiro do 2017, **FAVORABLE.**

A Xunta de Goberno Local, **ACORDA:**

1º)-Aprobar as bases do concurso de composición da música oficial para "Cambados Cidade Europea do Viño, 2017" .

2º)-Autorizar o gasto polo importe máximo dos premios a outorgar, en concreto dous mil euros, 2.000,00 €, con cargo a partida 333-48900 do Orzamento Xeral do Concello de Cambados para o ano 2017.

3º)-Publicar as bases aprobadas no taboleiro de edictos do Concello de Cambados, na páxina web, (www.cambados.gal), en redes sociais e nos xornais de maior difusión da zona e continuar a tramitación do expediente segundo o establecido nas propias bases.

E para que conste e surta os efectos legais oportunos, e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, segundo o disposto polo artigo 206, do R.O.F., expido e asino a presente, co Visto e Prace da Sra. Alcaldesa, en Cambados, a cinco de xaneiro dous mil dezasete.

v. e pr.
A ALCALDESA

Dª Fátima Abal Roma.

BASES PARA O CONCURSO DE COMPOSICIÓN DA MÚSICA OFICIAL PARA "CAMBADOS, CIDADE EUROPEA DO VIÑO, 2017".

O Concello de Cambados convoca un concurso para crear unha obra musical que identifique a celebración dos actos relacionados co nomeamento de Cambados como "Cidade Europea do Viño, 2017".
A obra poderá interpretarse en directo ou ben ser utilizada como soporte musical gravado en calquera dos numerosos actos de carácter local, autonómico, estatal ou internacional que se incluirán no programa "Cambados, Cidade Europea do Viño, 2017" así como en calquera acto que o Concello estime pertinente.

O concurso rexeráse polas seguintes bases.

1. **Obxecto**

1.1. O obxecto do concurso é a creación dunha obra músical orixinal, inédita e sen estrear, en formato vocal-instrumental e segundo os detalles que se indican na base 2.

1.2. Poderá presentarse ao concurso calquera autor ou autora con residencia en Galicia no momento de presentación da obra.

2. **Aspectos técnicos da obra**

2.1. A obra, en un só movemento, terá unha duración mínima de tres minutos e máxima de seis minutos, segundo a indicación metronómica que figurará na mesma obra.

2.2. Realizarase sobre o texto do poeta Ramón Cabanillas que se indica no Anexo destas bases, podendo utilizarse o texto segundo o criterio do autor ou autora, en canto á distribución interna de partes vocais e instrumentais na obra.

2.3. A obra será concibida para dous formatos: versión para voz solista e piano acompañante; versión para coro polifónico e banda de música, sendo a parte instrumental de Banda substituible por piano acompañante coa súa partitura correspondente. O orgánico da banda de música, responderá preferentemente á instrumentación habitual dunha banda popular, evitando a participación obrigada de instrumentos pouco habituais (corno inglés, contrafagot, etc.).

3. **Presentación de orixinais**

3.1. A obra presentarase en partitura lexible, preferentemente editada electrónicamente, e cando menos na primeira das versións anteriormente indicadas: versión para voz solista e piano. Acompañaráse dunha grabación en acústico, ou de audio dixital a partir do ficheiro MIDI ou similar, de xeito que permita ao xurado facerse unha aproximación ao resultado acústico da obra.

3.2. Poderá incluirse opcionalmente a partitura da versión para coro e banda de música, igualmente acompañada de grabación ou de audio dixital no seu caso. No caso de non presentarse esta versión dentro do prazo de presentación de orixinais, será de aplicación o disposto na base 4.3. máis abaixo.

3.3. Os orixinais presentarase baixo o sistema de lema e plica, sendo o lema o seudónimo utilizado polo autor ou autora, e segundo se explica a seguer.

3.4. As obras enviaránse nun sobre pechado, indicando no exterior do mesmo: "Concurso de Composición: *Cambados, Cidade Europea do Viño, 2017*" e o seudónimo do autor ou autora. O sobre conterá cinco exemplares impresos nos que constará no encabezado de cada un o seudónimo, e cinco CDs contendo os audios correspondentes.

3.5. Dentro do sobre anteriormente dito, engadirase outro sobre, igualmente rotulado co seudónimo do autor ou autora, que conterá os datos do autor ou autora: nome e apelidos, enderezo postal, teléfonos/s e correo electrónico de contacto. Ase mesmo, deberá conter unha declaración xurada asinada, na que conste que o/a concursante é o autor ou autora único/a da obra presentada, e que a mesma é unha obra orixinal, inédita e sen estrear.

3.6. As obras poderán presentarse directamente no rexistro do Concello de Cambados, ou ben enviarse por correo postal e certificado, ata o remate do prazo de presentación de orixinais.

4. Prazos do procedemento

4.1. O prazo de presentación de orixinais rematará o 3 de febreiro de 2017.

4.2. O fallo do xurado daráse a coñecer o 13 de febreiro, agás causas de forza maior que obriguen a modificar esta data. O resultado comunicarase directamente ao gañador ou gañadora do concurso, e publicarase para coñecemento xeral, na páxina web do Concello de Cambados.

4.3. No caso de que a persoa gañadora non tivese achegado a versión para coro e banda de música no prazo de presentación de orixinais a concurso, deberá achegar esta versión antes do 27 de febreiro de 2017.

5. Xurado.

5.1. O xurado do concurso será nomeado por resolución da Alcaldía do Concello de Cambados, e incluirá a persoalidades de recoñecido prestixio no ámbito da música en Galicia, persoalidades relacionadas co evento que motiva a convocatoria do concurso, e persoal técnico do Concello de Cambados.

5.2. As decisións do xurado serán inapelables.

6. Premios.

6.1. Establécese un 1º premio de 1.500 euros e Diploma acreditativo, para o autor ou autora da obra gañadora do concurso.

6.2. Establécese un 2º premio de 500 euros e Diploma acreditativo, para aquela obra que, non tendo acadado o premio, mereza pola súa calidade este recoñecemento.

6.3. O xurado poderá declarar desertos os premios.

6.4. As cantidades indicadas nos puntos 6.1. e 6.2 o serán por todos os conceptos, sendo de conta dos/as premiados/as no seu caso, a satisfacción de calquera gasto, imposto, etc. inherente á recepción destes premios.

7. Dereitos da obra.

7.1. Dada a natureza do concurso, a participación no mesmo e a aceptación dos premios no seu caso, implica a cesión por parte do autor ou autora dos dereitos patrimoniais da obra a favor do Concello de Cambados.

7.2. O Concello de Cambados, en tanto que titular dos dereitos de explotación das obras, poderá utilizar as obras nas dúas versións achegadas polo autor ou autora, en calquera acto público relacionado co programa de actos de "Cambados, Cidade Europea do Viño, 2017" así como en calquera outro acto no que estime oportuna esta utilización. Igualmente poderá utilizar as obras como banda sonora para a realización de documentais e obras sonoras ou audiovisuais de calquera tipo, producidas ou promovidas polo Concello de Cambados, dentro dos programas e actos anteditos.

7.3. O Concello de Cambados poderá realizar obras derivadas, mediante o encargo de arranxos ou versións da obra, para a satisfación de necesidades específicas de uso sobrevidas. En calquera caso, farase constar que o arranxo trae causa da obra orixinal, con indicación do autor ou autora da mesma, de acordo co inalienable dereito moral de autoría.

7.4. O Concello de Cambados, poderá realizar a explotación comercial das obras, mediante a edición impresa ou as versións gravadas, por calquera medio analóxico ou dixital.

7.5. O autor ou autora da obras premiadas, poderá utilizar a mesma en actos de promoción propia sen fins lucrativos, facendo constar en todos os casos: "Obra premiada no Concurso de Composición: *Cambados, Cidade Europea do Viño, 2017*".

8. Retirada de orixinais non premiados.

8.1. As obras que non teñan sido premiadas poderán retirarse no Concello de Cambados, no prazo máximo de 30 días a contar desde a publicación do fallo do concurso.

8.2. As obras non retiradas quedarán a custodia do Concello de Cambados, que disporá como conveña.

8.3. O Concello de Cambados resérvase o dereito a conservar unha copia de cada obra presentada, a únicos efectos de arquivo e documentación do concurso, ou ao seu uso futuro con fins de investigación.

9. Interpretación e aceptación das bases.

9.1. A participación no concurso implica a completa aceptación das súas bases.

9.2. Nos casos en que fose preciso, a interpretación das bases, corresponde ao xurado do concurso.

10. Publicidade das Bases.

Estas bases serán publicadas no taboleiro de edictos do Concello, na páxina web (www.cambados.gal), en redes sociais e nos xornais de maior difusión da zona.

ANEXO. Texto.

O texto pode combinar os dous poemas que seguen, o primeiro de autoría de Ramón Cabanillas, e o segundo popular. O autor ou autora, pode tomar as estrofas e combinalas do xeito que mellor considere para acadar o mellor o efecto artístico.

Vendima en Salnés (fragmento)
Ramón Cabanillas. In *Poesías Ventureiras*.

Salnés antergo e saudoso,
terra sagra e petrucial,
farta de [longos] séculos
chea de amor e dor de nai

Unha ermida cada castro,
cada valgada un pinal,
cada camiño un cruceiro,
cada recuncho un fogar

Erveiros e milleirales
e viñas na terra chán;
o sol ó caír nas ágoas
deixou o ceo a sangrar.

O Umia, canso, deitouse
Nas xunqueiras de Sisán;
o pai Castrove, na estrema,
pon os ollos alén mar.

….

Popular

Albariño ouro da terra
sol que encendes os amores,
alumeas corredoiras
E fas esquecer doores

Albariño doce e claro,
Meu amigo feiticeiro;
heite de beber cantando
heite de cantar bebendo.